

**Proceso selectivo para o ingreso, pola
modalidade específica do persoal laboral fixo, na
agrupación profesional de persoal funcionario da
Administración xeral da Comunidade Autónoma
de Galicia.**

Proba tipo test

MODELO B

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

1. Segundo o disposto no artigo 2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o sector público institucional intégrase por:

- a) Calquera organismo público e entidade de dereito público vinculado ou dependente das administracións públicas.
- b) A Administración xeral do Estado.
- c) As administracións das comunidades autónomas.
- d) As Universidades privadas

2. De conformidade co ámbito subxectivo previsto no artigo 2 da Lei 39/2015, a quen se aplica esta lei con carácter supletorio? (sinale a resposta correcta):

- a) Ás universidades públicas.
- b) Ás entidades de dereito privado vinculadas ás administracións públicas, cando exerzan potestades administrativas.
- c) Ás entidades de dereito privado dependentes das administracións públicas, cando exerzan potestades administrativas.
- d) Ás entidades que integran a Administración Local.

3. Segundo o disposto no artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, considéranse interesados no procedemento administrativo:

- a) Os que, sen iniciaren o procedemento, carezan de dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que neste se adopte.
- b) Aqueles cuxos intereses lexítimos, individuais ou colectivos, poidan resultar afectados pola resolución e se presenten no procedemento unha vez que recaia resolución definitiva.
- c) Os que o promovan como titulares de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.

- d) Todas as persoas ten dereito a considerarse interesados no procedemento administrativo.

4. Segundo o disposto no artigo 6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os asentos que se realicen nos rexistros electrónicos xerais e particulares de apoderamentos deberán conter, polo menos, a seguinte información:

- a) Data de nacemento e nacionalidade do poderdante.
- b) Estado civil do apoderado.
- c) Documento nacional de identidade do poderdante.
- d) Libro de familia do poderdante

5. Segundo o disposto no artigo 13 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os que teñen capacidade de obrar ante as administracións públicas son titulares, nas súas relacións con elas, do seguinte dereito:

- a) A ser tratados con respecto e deferencia polas autoridades e empregados públicos.
- b) A utilizar as linguas oficiais da súa comunidade autónoma ante a Administración de calquera comunidade autónoma.
- c) Ao uso obrigatorio de medios electrónicos nas súas relacións coas administracións públicas.
- d) A ser asistidos no uso de medios mecánicos nas súas relacións coas Administracións Públicas

6. Segundo o disposto no artigo 19 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a comparecencia das persoas ante as oficinas públicas, xa sexa presencialmente ou por medios electrónicos, só será obrigatoria:

- a) Cando así o acorde o órgano instrutor do procedemento.
- b) Cando así estea previsto nunha norma con rango de lei.
- c) Cando así estea previsto nun regulamento.
- d) Sempre que o solicite a administración

7. A Administración está obrigada a ditar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación, excepto (artigo 21 da LPAC):

- a) Os supostos de terminación do procedemento por pacto ou convenio.
- b) Os procedementos de responsabilidade patrimonial.
- c) Os procedementos sancionadores.
- d) Nos casos de renuncia dun dereito

8. Segundo o disposto no artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos casos de desestimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior ao vencemento do prazo:

- a) Só poderá ditarse de ser confirmatoria do silencio administrativo.
- b) Adoptarase pola Administración só no suposto de ser desestimatoria da solicitude do interesado.
- c) Adoptarase pola Administración sen vinculación ningunha ao sentido do silencio.
- d) A resolución expresa posterior ao vencemento do prazo é nula de pleno dereito.

9. Segundo o disposto no artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sempre que por lei ou no dereito da Unión Europea non se exprese outro cómputo, cando os prazos se sinalen por días, enténdese que estes son:

- a) Hábiles, e exclúense do cómputo só os domingos e os declarados festivos.
- b) Hábiles, e exclúense do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos.
- c) Naturais.
- d) Naturais, e exclúense do cómputo os declarados festivos

10. Segundo o disposto no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a petición dos interesados unha ampliación dos prazos establecidos sempre que non exceda de:

- a) A metade destes, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros.
- b) Un terzo destes, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros.
- c) Non cabe unha ampliación de prazos establecidos.
- d) O dobre destes, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros.

11. Conforme ao disposto no artigo 2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a potestade que faculta a Comunidade Autónoma de Galicia para estruturar, establecer o réxime xurídico e dirixir e fixar os obxectivos da función pública galega denomínase:

- a) Potestade de programación.
- b) Potestade regulamentaria.
- c) Potestade de autoorganización.
- d) Potestade de autoregulación

12. De acordo co establecido no artigo 3 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, as administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da citada lei xeneralizarán a xestión de todos os procesos e procedementos administrativos derivados desta:

- a) Por medios electrónicos.
- b) Por medios manuscritos.
- c) Por medios mecanografados.
- d) Por medios dixitalizados

13. Segundo o recollido no artigo 5 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, pódense ditar normas singulares para adecuar esta lei ás peculiaridades:

- a) Do persoal investigador.
- b) Do persoal docente dependente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, agás as materias recollidas no dito artigo.
- c) Do persoal docente dependente da Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia e do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, agás as materias recollidas no dito artigo.
- d) Do persoal docente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, agás as materias recollidas no dito artigo.

14. Conforme ao disposto no artigo 7 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario ao servizo das entidades locais galegas réxese por:

- a) A lexislación básica estatal que lle resulte de aplicación e pola Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, coas especialidades reguladas no seu título X.

- b) A lexislación xeral de forzas e corpos de seguridade e pola súa lexislación específica.
- c) A lexislación orgánica de universidades e as súas disposicións de desenvolvemento.
- d) A lexislación xeral dos órganos instrumentais da Administración xeral da Xunta de Galicia.

15. De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, o persoal que presta servizos no Consello Consultivo de Galicia:

- a) Réxese pola normativa reguladora deste órgano e pola presente lei supletoriamente.
- b) Réxese pola presente lei, excepto no relativo ás retribucións complementarias e outras materias.
- c) Non se rexe pola presente lei en ningún caso.
- d) Réxese polo estatuto dos Traballadores

16. Conforme ao disposto no artigo 20 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, as persoas que desempeñan funcións retribuídas ao servizo dos intereses xerais nas administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei denomínanse:

- a) Traballadores.
- b) Autónomos.
- c) Empregados públicos.
- d) Persoal funcionario

17. Conforme ao disposto no artigo 21 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, as persoas que, en virtude de nomeamento legal, están vinculadas á Administración pública por unha relación

estatutaria regulada polo dereito administrativo para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente denomínanse:

- a) Persoal funcionario de carreira.
- b) Persoal eventual.
- c) Persoal laboral.
- d) Persoal de Apoio

18. Conforme ao disposto no artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, as persoas que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeadas en tal condición para o desempeño de funcións propias do persoal funcionario de carreira teñen a condición de:

- a) Persoal funcionario de carreira.
- b) Persoal funcionario eventual.
- c) Persoal funcionario interino.
- d) Persoal Indefinido

19. Conforme ao disposto no artigo 24 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a selección do persoal funcionario interino realizarase mediante procedementos áxiles que respectarán, en todo caso, os principios de:

- a) Igualdade, mérito, capacidade, publicidade e celeridade.
- b) Servizo á cidadanía e aos intereses xerais.
- c) Avaliación e responsabilidade na xestión.
- d) Igualdade no acceso a un posto de traballo.

20. De acordo co establecido no artigo 25 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, a prestación de servizos en réxime interino:

- a) Constitúe mérito preferente para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira.

- b) Non constitúe mérito preferente para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira.
- c) Constitúe mérito preferente para a adquisición da condición de persoal eventual.
- d) Non constitúe mérito para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira pero si de persoal laboral.

21. Con base no sinalado no artigo 28 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, cando unha sentenza xudicial firme recoñeza unha situación laboral de carácter indefinido e a persoa afectada poida ser adscrita a un posto de traballo vacante:

- a) Será necesario realizar unha modificación da correspondente relación de postos de traballo.
- b) Non será necesario realizar unha modificación da correspondente relación de postos de traballo.
- c) Será necesario realizar unha modificación da correspondente relación de postos de traballo. A proposta da modificación deberá efectuarse no prazo máximo de tres meses.
- d) Será necesario realizar unha modificación no cadro de persoal. A proposta da modificación deberá efectuarse no prazo máximo de tres meses.

22. De acordo co establecido no artigo 29 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, en ningún caso pode realizar actividades ordinarias de xestión ou de carácter técnico o:

- a) Persoal laboral.
- b) Persoal interino.
- c) Persoal eventual.
- d) Persoal funcionario

23. Conforme ao disposto no artigo 30 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o cesamento do persoal eventual producirase por:

- a) Libre decisión da autoridade que efectuou o nomeamento.
- b) Amortización do posto que ocupe.
- c) Reincorporación da persoa titular do posto.
- d) Non se pode cesar ao persoal eventual

24. Conforme ao disposto no artigo 108 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nos casos de falecemento do cónxuxe, o persoal funcionario ten dereito a un permiso de:

- a) Dous días hábiles se o suceso se produce na mesma localidade e de catro días hábiles se se produce en distinta localidade.
- b) Tres días hábiles se o suceso se produce na mesma localidade e de cinco días hábiles se se produce en distinta localidade.
- c) Seis días hábiles se o suceso se produce na mesma localidade e de doce días hábiles se se produce en distinta localidade.
- d) Tres días naturais se o suceso se produce na mesma localidade e de doce días naturais se se produce en distinta localidade.

25. Conforme ao disposto no artigo 112 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, por lactación dun fillo menor de doce meses, o persoal funcionario ten dereito a:

- a) Ausentarse do posto de traballo durante unha hora semanal.
- b) Ausentarse do posto de traballo durante unha hora mensual.
- c) Ausentarse do posto de traballo durante unha hora diaria.
- d) Redución do posto de traballo durante unha hora mensual.

26. Conforme ao disposto no artigo 119 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nos casos de matrimonio, o persoal funcionario ten dereito a un permiso retribuído de:

- a) Quince días naturais ininterrompidos.
- b) Trinta días naturais ininterrompidos.
- c) Noventa días naturais ininterrompidos.
- d) Dúas semanas.

27. Conforme ao disposto no artigo 116 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nos casos de accidente ou enfermidade moi grave da parella de feito, o persoal funcionario ten dereito a un permiso para atender ao coidado destas persoas cunha duración máxima de:

- a) Trinta días naturais.
- b) Non ten dereito a ningún permiso por esta causa.
- c) Noventa días naturais.
- d) Dous meses.

28. Conforme ao disposto no artigo 127 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, poden concederse licenzas por asuntos propios sen retribución, cunha duración que, acumulada, non excederá de:

- a) Tres meses cada dous anos de prestación de servizos efectivos.
- b) Vinte e dúas semanas ininterrompidas.
- c) Nove días hábiles ao ano.
- d) Sete días por ano traballado

29. En base ao artigo 1 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, esta norma ten

por obxecto a garantía de dereitos das persoas con discapacidade conforme a:

- a) Os artigos 9.2, 10, 14 e 49 da Constitución española, a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e o Tratado da Unión Europea.
- b) Os artigos 9.2, 10, 14 e 49 da Constitución española, a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade e os acordos internacionais ratificados por España.
- c) Os artigos 9.2, 10, 14 e 49 da Constitución española e a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.
- d) Os artigos 9.2, 10, 14 e 49 do Estatuto de Autonomía de Galicia e a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.

30. De acordo co artigo 2 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, discriminación directa é a situación en que se atopa unha persoa con discapacidade cando é tratada:

- a) De maneira menos favorable ca outra nunha situación análoga por motivo ou por razón da súa discapacidade.
- b) De maneira menos favorable ca outra por motivo ou por razón da súa discapacidade.
- c) De maneira hostil por motivo ou por razón da súa discapacidade.
- d) De maneira discriminatoria por motivo de ou por razón da súa discapacidade.

31. De acordo co artigo 2 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, enténdese por

acoso toda conduta non desexada relacionada coa discapacidade dunha persoa:

- a) Que teña como obxectivo tratala de maneira menos favorable.
- b) Que teña como obxectivo tratala de maneira menos favorable nunha contorna aparentemente neutral.
- c) Que teña como obxectivo ou consecuencia atentar contra a súa dignidade ou crear unha contorna intimidatoria, hostil, degradante, humillante ou ofensiva.
- d) Que teña como obxectivo tratala de maneira favorable.

32. De acordo co artigo 2 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, enténdese por medidas de acción positiva:

- a) Aquelas de carácter específico consistentes en evitar ou compensar as desvantaxes derivadas da discapacidade.
- b) Aquelas de carácter específico destinadas de maneira exclusiva a evitar a discriminación directa.
- c) Aquelas de carácter específico destinadas de maneira exclusiva a evitar a discriminación indirecta.
- d) Aquelas de carácter particular destinadas de maneira inclusiva para evitar todo tipo de discriminación

33. De acordo co artigo 2 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, enténdese por vida independente:

- a) A ausencia de discriminación por motivo ou por razón de discapacidade.

- b) A actividade pola que se proxectan os servizos de tal forma que poidan ser utilizados por todas as persoas.
- c) A situación en que a persoa con discapacidade exerce o poder de decisión sobre a súa propia existencia e participa activamente na vida da súa comunidade, conforme ao dereito ao libre desenvolvemento da personalidade.
- d) A situación en que a persoa con discapacidade exerce o poder de decisión sobre o seu entorno.

34. En base ao artigo 3 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, non son principios desta lei:

- a) A vida independente.
- b) A normalización.
- c) O dereito á educación.
- d) A igualdade de oportunidades

35. En base ao artigo 10 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as persoas con discapacidade teñen dereito á protección da saúde, o que inclúe:

- a) As condicións básicas de accesibilidade a edificios de calquera tipo.
- b) A prevención da enfermidade e a protección, promoción e recuperación da saúde.
- c) Apoios complementarios e servizos auxiliares para o emprego.
- d) A prevención de deficiencias e de intensificación de discapacidades

36. De acordo co artigo 26 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos

das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as normas técnicas sobre edificación incluírán previsións relativas ás condicións mínimas que deberán reunir:

- a) Os edificios públicos e as instalacións administrativas para permitir a accesibilidade das persoas con discapacidade.
- b) Os edificios e as vías públicas para permitir a accesibilidade das persoas con discapacidade.
- c) Os edificios de calquera tipo para permitir a accesibilidade das persoas con discapacidade.
- d) Os edificios, vías públicas e grandes centros deportivos para permitir a accesibilidade das persoas con discapacidade.

37. En base ao o artigo 35 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as persoas con discapacidade teñen dereito ao traballo:

- a) En condicións que garantan a aplicación dos principios de igualdade de trato e non discriminación.
- b) En condicións que garantan a aplicación dos principios de igualdade de trato e non discriminación directa.
- c) En condicións que garantan a aplicación dos principios de igualdade de trato e non discriminación indirecta.
- d) En condicións que garantan a aplicación dos principios de igualdade, mérito e non discriminación.

38. Segundo o disposto no artigo 1 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a igualdade de oportunidades entre as persoas de ambos os sexos é un principio:

- a) Estatutario.

- b) Constitucional.
- c) Establecido nun decreto lei.
- d) Establecido nunha lei orgánica

39. De acordo co artigo 2 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para os efectos desta norma, o concepto de discriminación incluirá:

- a) O acoso ou acoso moral por razón de xénero e o acoso sexual.
- b) Unicamente o acoso sexual.
- c) O acoso moral por razón de xénero non se distingue do acoso sexual.
- d) O acoso de todo tipo.

40. De acordo co artigo 4 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, as medidas especiais encamiñadas a acelerar a igualdade entre mulleres e homes:

- a) Considéranse medidas discriminatorias.
- b) Non se considerarán discriminatorias.
- c) Terán carácter permanente.
- d) Terán unha permanencia de catro anos

41. De acordo co artigo 2.4 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, entenderase por acoso sexual:

- a) A situación en que unha persoa sexa, fose ou puidera ser tratada por razón de sexo de xeito menos favorable ca outra.
- b) A situación en que persoas dun sexo determinado se atopan en desvantaxe particular con respecto a persoas doutro sexo.

- c) A situación en que se produce calquera comportamento verbal, non verbal ou físico non desexado de índole sexual, co propósito ou co efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa.
- d) A situación na que se produce un comportamento físico non desexado, co propósito ou co efecto de atentar contra a posición dunha persoa.

42. En base ao artigo 1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, enténdese por actividade pública:

- a) Unicamente a desenvolvida polo sector público autonómico.
- b) Unicamente a desenvolvida pola Administración xeral de Galicia.
- c) A desenvolvida cun financiamento público.
- d) A desenvolvida cunha financiación pública e privada.

43. De acordo co artigo 2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en base ao principio de transparencia:

- a) Toda persoa ten acceso libre e gratuíto á información pública, coas únicas excepcións previstas na lei.
- b) O acceso á información pública é libre cando poida xustificarse un interese directo.
- c) O acceso á información pública é gratuíto cando poida xustificarse un interese directo.
- d) Toda persoa ten acceso á información pública sen ningunha excepción.

44. En base ao artigo 3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as disposicións do título I, titulado "Transparencia da actividade pública", serán de aplicación:

- a) Aos partidos políticos.
- b) Ás organizacións sindicais.
- c) Ao Parlamento de Galicia.
- d) Aos colexios profesionais

45. De acordo co artigo 6 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a información suxeita a obrigas de publicidade activa será publicada:

- a) Nas correspondentes sedes electrónicas ou páxinas web.
- b) No *Diario Oficial de Galicia* e nos taboleiros de anuncios.
- c) Polos medios que se determinen regulamentariamente.
- d) Nos xornais de maior difusión.

46. En base ao artigo 7 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, atendendo ás obrigacións específicas de información institucional, organizativa e de planificación, publicaranse:

- a) Os códigos éticos ou de bo goberno aprobados, así como os estándares de boas prácticas e responsabilidade social que aplica.
- b) Os códigos éticos ou de bo goberno aprobados, sen especificar a responsabilidade que aplica.
- c) Os códigos éticos ou de bo goberno aprobados, así como os estándares de boas prácticas, cando así o esixa a normativa básica estatal.
- d) Os códigos éticos ou de bo goberno aprobados, dando información respecto á responsabilidade legal que aplica.

47. En base ao artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, atendendo ás obrigas específicas de información de relevancia xurídica, publicaranse:

- a) Os textos das resolucións xudiciais firmes que afecten os intereses da comunidade autónoma.
- b) Os textos das resolucións xudiciais firmes que afecten as ofertas públicas de emprego e os procesos selectivos.
- c) Os textos das resolucións xudiciais firmes que afecten a vixencia ou interpretación das normas ditadas pola Administración pública competente.

- d) Todas as resolucións xudiciais firmes que afecten á administración

48. En base ao artigo 10 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, atendendo ás obrigas específicas de información en materia de persoal, publicaranse:

- a) A relación de contratos de alta dirección, con indicación das retribucións anuais e as indemnizacións previstas ao final do contrato.
- b) A relación de contratos de alta dirección, sen que poidan indicarse as retribucións anuais e as indemnizacións previstas ao final do contrato.
- c) A relación de contratos de alta dirección, con indicación das retribucións anuais, sen incluír as indemnizacións previstas ao final do contrato.
- d) A relación de contratos de alta dirección, con indicación parcial das retribucións semestrais e as indemnizacións previstas ao final do contrato

49. De conformidade co establecido no artigo 21.1 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación á reutilización da información do sector público autonómico:

- a) Promoverase a reutilización, con fins comerciais ou non comerciais.
- b) Promoverase a reutilización, con fins non comerciais unicamente.
- c) Non se reutilizará a información do sector público, salvo que o autorice unha norma con rango de lei.
- d) Promoverase a reutilización, con fins comerciais e publicidade.

50. En base ao artigo 24 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no exercicio do seu dereito ao acceso á información pública, garantiráselle á cidadanía:

- a) A gratuidade para a transposición da información a formatos diferentes do orixinal.
- b) A gratuidade da expedición pola obtención de copias.

- c) A posibilidade de utilización da información obtida, sen necesidade de autorización previa e sen máis limitacións que as derivadas desta ou doutras leis.
- d) A posibilidade de utilización da información obtida, precisando de autorización previa e coas limitacións derivadas desta ou doutras leis.

PREGUNTAS DE RESERVA

51. O artigo 9 da Lei 39/2015 establece que as administracións públicas están obrigadas a verificar a identidade dos interesados no procedemento administrativo, mediante a comprobación do seu nome e apelidos ou denominación ou razón social, segundo corresponda, que consten en:

- a) O rexistro civil.
- b) Os arquivos electrónicos da Administración.
- c) O documento nacional de identidade ou documento identificativo equivalente.
- d) O documento Tarxeta Sanitaria

52. Conforme ao disposto no artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario interino que se nomee en función dun exceso ou acumulación de tarefas, de carácter excepcional e circunstancial, poderá selo por un prazo máximo de:

- a) Seis anos dentro dun período de doce anos.
- b) Dous meses dentro dun período dun ano.
- c) Nove meses dentro dun período de dezaioito meses.
- d) Catro meses dentro dun período dun ano

53. Conforme ao disposto no artigo 26 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, os postos de natureza non permanente e aqueles cuxas actividades se dirixan a satisfacer necesidades de carácter periódico e discontinuo poden ser desempeñados por:

- a) Persoal eventual.
- b) Persoal laboral.
- c) Son postos reservados necesariamente aos funcionarios de carreira.
- d) Persoal directivo e persoal funcionario.

54. En base ao artigo 27 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no procedemento para a tramitación e a resolución das solicitudes de acceso á información:

- a) Unha vez transcorrido o prazo para resolver sen que se ditase e notificase resolución expresa, entenderase que a solicitude foi estimada.
- b) Unha vez transcorrido o prazo para resolver sen que se ditase e notificase resolución expresa, entenderase que a solicitude foi desestimada.
- c) Unha vez transcorrido o prazo para resolver sen que se ditase e notificase resolución expresa, entenderase que decae no seu dereito.
- d) Unha vez transcorrido o prazo para resolver sen que se ditara e notificara resolución expresa, producirase a caducidade do expediente.

55. En base ao artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse:

- a) Unha reclamación ante o Valedor do Pobo.
- b) Un recurso de alzada ante o Valedor do Pobo.

- c) Unha reclamación ante a Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación.
- d) Unha reclamación ante a Xunta de Galicia.

